



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O
DÍA VINTETRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE**

NÚM. 002/2012

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D. Manuel Pavón López. D^a Mercedes Josefina González Alonso. D^a María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María García Rivera. D^a Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D^a Ana María López Campoamor. D^a María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p>Non asiste o Concelleiro do PSOE D. José Ramón Val Alonso.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA- en réxime de acumulación</u> D^a Ana Ramos Ramos.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do vintetres de febreiro de dous mil doce, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación en réxime de acumulación, D^a Ana Ramos Ramos, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	---

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26 DE XANEIRO DE 2012.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 26/01/2012, e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Aberto o turno de intervencións o Sr. Rivera do PSOE indica que cando se referiu á moción do BNG sobre servizos sociais e en concreto da galescola dixo expresamente que está de acordo en que certos servizos se privaticen.

Igualmente no punto 8 da acta sometida a votación detéctase un salto de páxina na impresión así como por parte do Sr. Cancio recoñécese un erro de suma nunha votación que non afecta ao resultado do acordo.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Non habendo mais intervencións, queda aprobada a acta da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 24/01/12 ATA O 20/02/12.-

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 24/01/12 ao 20/02/12 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

3.- MOCIÓN UNIFOZ SOLICITANDO INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A COLABORACIÓN PARA DOTAR AOS CENTROS SOCIAIS DAS PARROQUIAS DE CONEXIÓN E EQUIPOS ASÍ COMO FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, que no seu literal indica:

“Que o noso Pobo, fai uns anos foi unha referencia importante no que se refire a aposta polas novas tecnoloxías, coa posta en marcha da chamada Rede Cidadá, e pola que o Concello de Foz chegou a recibir algúns premios tanto da Xunta de Galicia, como do Ministerio de Educación.

Que a falta de apoio nos últimos anos, xunto coa nula actividade, fan que ao día de hoxe esas instalacións sexan testimoniais e obsoletas.

Que cada día son necesarios máis esforzos para apostar pola formación en novas tecnoloxías, algo que os nosos veciños do rural están totalmente abandonados e discriminados.

Por todo o exposto, é polo que presentamos a seguinte proposta de MOCIÓN á Corporación Municipal:

-Instar á Deputación Provincial ao amparo do artigo 170 bis da Lei 57/2003 a colaboración para dotar aos Centros Sociais das parroquias de conexión e equipos así como formación en novas tecnoloxías da información.

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (2 UNIFOZ, 2 PSdeG-PSOE, 1 BNG)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 3 PP



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Instar á Deputación Provincial ao amparo do artigo 170 bis da Lei 57/2003 a colaboración para dotar aos Centros Sociais das parroquias de conexión e equipos así como formación en novas tecnoloxías da información.”

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese.

Por parte do voceiro de UNIFOZ deféndese o fondo da moción presentada.

Por parte do voceiro do PSOE indícase que a Deputación de Lugo está a traballar xa en prol dos cidadáns co Proxecto INNOVATE, levando o mantemento da casa da cultura, o rexistro telemático do concello, ordenadores nas parroquias a través das comunidades veciñais e o goberno do PSOE cando gobernaba daba subvencións as asociacións e agora está traballando neste tema a Deputación. Manifesta que lle gustaría que participara a Xunta de Galicia.

O voceiro do BNG indica que xa se están facendo esforzos neste sentido, sen entrar a redundar xa no dito.

O Sr. Alcalde indica que non funciona todo o que se fixo e ten que ver a cobertura, por exemplo a TDT e as liñas ADSL. É un programa interesante dotar aos centros sociais de ADSL, e pregunta ao PSOE e ao BNG se houbo algún recorte no plan INNOVATE.

O voceiro de UNIFOZ contesta que o proxecto INNOVATE funcionou e recibiu dous premios importantes que o avalan pero non funciona porque a liña de ADSL non funciona porque é insuficiente 1 Mb, e cando se funciona con liña de teléfono e non se poden asumir os custos como no caso das asociacións de veciños non se poden manter, de ahí que en cada centro teña que haber liña de ADSL pagada polo concello. Sobre a formación pregunta á concelleira do ramo se se convocaron cursos de informática nas parroquias.

O voceiro do PSOE indica que lamenta que o Alcalde descoñeza o tema e afirma que vai a haber un INNOVATE II que reforzará de banda ancha as parroquias e indica que o seu partido non deixa de invertir. Invertiuse igualmente co PLAN E no mellor telecentro de Galicia conseguido coa Consellería de industria.

O voceiro do BNG indica que dende a Deputación mantéñense as axudas ás asociacións e os ordenadores mercáronse con axudas da Deputación e da Consellería e se está evadindo unha responsabilidade cando se está pagando a unhas parroquias ADSL e a outras non e habería que tomar medidas indica.

O Sr. Alcalde indica que isto é unha herencia do anterior goberno no caso dos ADSL que se están pagando igual que se viña facendo. Sobre os cursos de informática indica que se ofreceron cursos de informática aos veciños e non os quixeron, e fixose un curso con AFAMER e colaborou o técnico municipal nel e o concelleiro debería de pedir desculpas por dicir que non hai cursos de informática.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (5 PP, 3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado o seguinte acordo por unanimidade dos membros presentes:

Instar á Deputación Provincial ao amparo do artigo 170 bis da Lei 57/2003 a colaboración para dotar aos Centros Sociais das parroquias de conexión e equipos así como formación en novas tecnoloxías da información.”

4.-MOCIÓN UNIFOZ SOLICITANDO A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXERENCIAS E RECLAMACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DOS VECIÑOS E A DEFENSA DOS SEUS DEREITOS, NA QUE TEÑAN REPRESENTADOS TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS DA CORPORACIÓN.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, que no seu literal indica:

“Que unha das medidas aprobadas na Lei 57/2003 de modernización do goberno local é a de establecemento de un órgano para a participación dos veciños e a defensa dos seus dereitos.

A mencionada Lei prevé a necesidade de que a defensa dos dereitos dos veciños se faga mediante a creación dunha COMISIÓN DE SUXERENCIAS E RECLAMACIÓNS, na que teñan representados todos os grupos municipais da Corporación.

Por todo o exposto, é polo que presentamos a seguinte proposta de MOCIÓN á Corporación Municipal:

-Acordo da Corporación Municipal para a creación dunha COMISIÓN ESPECIAL DE SUXERENCIAS E RECLAMACIÓNS.

Unha vez rematado o turno de debate, sobre a similitude das súas funcións coas do defensor do pobo a nivel local, sobre as facultades de dita comisión, sobre a diferenza desta coa OMIC, sobre a necesidade de ter que facer un regulamento do seu funcionamento, , o Presidente desta Comisión Informativa somete a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

*Votos a favor: 3 (2 UNIFOZ, 1 BNG)
Votos en contra: ningún
Abstencións: 5 (3 PP, 2 PSdeG-PSOE)*

Acordo da Corporación Municipal para a creación dunha COMISIÓN ESPECIAL DE SUXERENCIAS E RECLAMACIÓNS.”



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Aberto o turno de debate intervén o voceiro de UNIFOZ defendendo o fondo da moción.

Intervén o voceiro do PSOE e indica que esta proposta está prevista para grandes cidades.

O voceiro do BNG indica que por crear unha comisión non se solucionan os problemas e máis positivo sería poñer en marcha o regulamento de participación cidadá que non se fixo.

O Alcalde toma a palabra para indicar que esta comisión está pensada para grandes cidades como A Coruña e Vigo que os teñen e todas as comisións que se propoñen por UNIFOZ quizás non sexa a solución xa que aumenta a burocracia. Agora mesmo está funcionando a OMIC, a páxina web, o FACEBOOK, e xa o considera suficiente.

O voceiro de UNIFOZ indica que estas non son comisións de papel mollado, e se neste pleno non se presentaran mocións non habería asuntos e polo equipo de goberno non se ve a realidade da calle. No próximo pleno do concello de Ribadeo irá o Plan de emprego proposto polo PP. Esta comisión nos pequenos municipios pódese crear se se acorda, e propon que se reúna todos os meses e que resolva problemas cidadáns e municipais.

O voceiro do PSOE indica que non e igual o FACEBOOK e a OMIC, e que esto ten unha función clara.

O voceiro do BNG indica que non toda a burocracia é mala porque cantos máis órgaos máis democracia pero para esta función que se pretende está o regulamento de participación cidadá ao que se refería.

O Alcalde intervén por alusión indicando que a oposición do PP concello de Ribadeo e constructiva. Por outra banda indica que en xuño de 2008 a petición dun veciño aprobouse esta comisión e non se fixo caso. Esta comisión está valeira de contido.

O voceiro de UNIFOZ indica que traerá ao próximo pleno o plan de emprego que se presentará en Ribadeo.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3, PSOE , 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: 5 (PP)
-

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Iniciar os trámites tendentes á creación dunha COMISIÓN ESPECIAL DE SUXERENCIAS E RECLAMACIÓNS.-

5.-MOCIÓN BNG PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.-



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, que no seu literal indica:

“Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.*
- 2. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.*
- 3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.*

Rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (1 BNG, 2 UNIFOZ, 3 PP, 2 PSdeG-PSOE)

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha

- Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.

- Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do Concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.”

Aberto o turno de debate o voceiro do BNG defende o fondo da moción.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (5 PP, 3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado o seguinte acordo por unanimidade dos membros presentes:

- Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.

- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.

- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do Concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

6.-MOCIÓN BNG SOBRE O ESTADO LAMENTABLE DA N-642 AO SEU PASO POR FOZ.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, que no seu literal indica:

“O BNG de Foz xa ten denunciado en varias ocasións e publicamente o estado tan lamentable no que se atopan hai moito tempo algúns tramos da estrada N-642 ao seu paso polo Concello de Foz. Referímonos á zona da Espiñeira-Mañente, á recta de Nois (altura de Arealonga) ou á algúns tramos da circunvalación de Foz. A brigada de obras de Fomento a raíz daquelas denuncias estiveron tapando os socavóns con meros recheos de chapapote pero que en ningún caso resolveron a situación e en moitos casos aínda a empiorou. A isto hai que engadir que estas zonas non están ben iluminadas co que de noite os condutores non teñen visibilidade para esquivar as irregularidades da estrada nin están ben pintadas polo que os condutores teñen que guiarse case por instinto incluso ao paso de curvas pronunciadas.

Dado o pouco coidado que o Ministerio de Fomento pon no mantemento destas vías, o BNG ten que recordarlle que “os mariñáns non somos cidadáns de segunda aínda que pensen o contrario” porque esto ven repetíndose en moitos tramos das nosas estradas, a maioría con mala iluminación e mal conservadas. De nada serve todo o gasto que se fai nas campañas publicitarias para a prevención de accidentes cando as infraestruturas viarias non están suficientemente preparadas para circular con seguridade. Tampouco de nada serve a construción da autovías cando se abandonan



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

desta maneira as estradas comarcais que son as que utilizamos os residentes da Mariña. Aínda máis grave é que isto ocorra nunha estrada de ámbito estatal e a única operativa na costa desde Foz ao Vicedo polo atraso constante da Autovía da Costa.

Para os nacionalistas o mantemento e a conservación das estradas son algo imprescindible para a seguridade viaria, cousa que non ocorre, co que os conductores da Mariña teñen un plus de risco ao circular por estas estradas de titularidade estatal. Hai que dicir que esta estrada é aínda a vía principal de tránsito da Mariña e polo tanto a que deberían coidar máis. É imperdoable contemplar como esta situación sufrímolos os mariñáns desde sempre a pesares do perigo que conleva e vemos como o organismo estatal non actúa e parece esperar a que ocorra algunha desgracia para facelo, como xa ten pasado noutras ocasións.

Por todo isto, desde o BNG SOLICITAMOS DA CORPORACIÓN O SEGUINTE ACORDO

- Instar ao Ministerio de Fomento a reparación inmediata e en condicións da estrada N-642 ao seu paso por Foz, dotándoa dun novo firme.

Despois de lida a moción xorde o debate da existencia dun proxecto, en redacción ou asinado, que inclúe máis obras que a da reparación do firme.

Pola Presidencia sométese a votación co seguinte resultado conforme ao literal que se transcribe:

Votos a favor: 8 (1 BNG, 2 UNIFOZ, 3 PP, 2 PSdeG-PSOE)

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha

Instar ao Ministerio de Fomento a reparación inmediata e en condicións da estrada N-642 ao seu paso por Foz, dotándoa dun novo firme."

Unha vez aberto o turno de debate o voceiro do BNG propoñente da moción defende o fondo da mesma.

O voceiro do PSOE indica en síntese que os proxectos a veces se levan a cabo e outras veces non. Hai un proxecto que contempla esta estrada de Cangas a Foz e ao marxe do río, está xa redactado e depende do que diga Estradas de se se pode facer non ano 2012 ou no 2013 pero manifesta que interesa para este concello a autovía do Cantábrico.

O voceiro de UNIFOZ manifesta a súa conformidade

O Sr. Alcalde indica en síntese que está a favor pero indica que o proxecto que existe está parado dende o 2009 porque non ten dotación económica porque o goberno socialista non o preveu, e está de acordo en que a A8 é a infraestrutura vertebral. O plan de mantemento non é suficiente e a seguridade do vial á importante. Xa houbo conversas con estradas pero estáse valorando facer un proxecto máis amplo de reparación do firme.

O voceiro do PSOE indica que se sorprende do antedito porque dende 1996 a 2004 o presidente do goberno era Aznar do PP e non foi capaz de facer un só metro de



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

autovía de Ribadeo a Baamonde e chegou o PSOE e volveu a conectar a rede transcantábrica e a maior vía de conexión de máis envergadura está en proxecto. O voceiro afirma que él mesmo foi a Madrid a reunirse con Zapatero e Blanco para acelerar a autovía do Cantábrico pero o Sr. Quiroga non ten decisión política para facer esto ou aquilo.

O Sr. Alcalde indica que é demagogia porque en Madrid o que conseguiu o Sr. Rivera e que a autovía se retrasase dous anos máis.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (5 PP, 3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado o seguinte acordo por unanimidade dos membros presentes:

Instar ao Ministerio de Fomento a reparación inmediata e en condicións da estrada N-642 ao seu paso por Foz, dotándoa dun novo firme.

7.-MOCIÓN BNG DE APOIO Á INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, que no seu literal indica:

“A Plataforma SOS Sanidade Pública está a promover unha Iniciativa Legislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galiza, o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatíbel co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola Plataforma SOS Sanidade Pública vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (private finance initiative ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO- Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

SEGUNDO- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

TERCEIRO- Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza

Unha vez rematado o turno de debate pola Presidencia sométese á votación, co seguinte resultado e conforme ao literal que se transcribe:

Votos a favor: 5 (2 UNIFOZ, 2 PSdeG-PSOE, 1 BNG)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 3 PP

- Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

- Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza.

Unha vez aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr Basanta defende o fondo da mocion.

O voceiro do PSOE, Sr. Rivera indica que xa os médicos dicen que falla algo e o PSOE apoia aos médicos e aos traballadores, polo que por sentido común vai votar a favor.

O voceiro de UNIFOZ indica que apoia a plataforma da saúde pública para loitar contra o recorte continuo o periodico.

O Alcalde está en contra do exposto porque esta é unha situación extraordinaria que obriga a actuar de forma extraordinaria, e o único que se pretende é alarmar cando na realidade o único que se pretende é manter a educación e sanidade ao que a Xunta destina o 75 % do seu orzamento. Hai que colaborar para sacar adiante esto xa que a situación económica é crítica.

O voceiro do BNG indica que non hai máis que ver os orzamentos de un ano para outro como van baixando pero non se reduce a educación e sanidade concertadas. Aquí deberíanse de baixar as listas de espera e poñer unha ambulancia de noite, está perigrando o servizo de urxencia nocturno, non chega o material aos centros hospitalarios e claramente se demostra que os intereses do BNG e o PP non son os mesmos.

O voceiro socialista indica que as listas de espera crecen e débese de apoiar esta mocion para mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

O voceiro de UNIFOZ pregunta cánto se adica ao noso hospital. Os representantes sindicais poderían falar nunha xunta de portavoces porque o que lle chega ao PP non é a realidade.

O Sr Alcalde indica que o PP é sensato e cree que esta plataforma está politizada e está chamando ao alarmismo. As ambulancias non son de Foz, son da Mariña; había unha ambulancia e púxose unha medicalizada que segue cumprindo cos tempos de resposta. No bipartito aumentaron os sistemas de conciertos, e segundo ten entendido Pachi Vázquez é médico na sanidade privada.

Neste momento as protestas do voceiro do PSOE fan que polo alcalde se faga a primeira chamada ao orde ao Sr. Rivera.

Continúa o Alcalde indicando que non haberá presuposto que chegue se os gastos seguen aumentando, e hai que darse conta que Foz é un lugar privilegiado en sanidade por todos os métodos cos que conta.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Votos en contra: 5 (PP)



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Resultando aprobado o seguinte acordo:

- **Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.**
- **Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.**
- **Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza.**

8.-MOCIÓN BNG SOBRE A OFERTA DE CURSOS CELGA E DA SÚA POTENCIACIÓN.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, que no seu literal indica:

“Segundo a orde publicada no DOG do 9 de xaneiro deste ano o orzamento destinado á realización dos cursos preparatorios para a consecución dos Celga redúcese en máis do 41%. Na convocatoria de 2011 o orzamento destinado a esta actividade ascendía a 450.000 €, mais na convocatoria para 2012 o orzamento redúcese en 185.000 €. Como consecuencia reduciranse o número de cursos a realizar tanto pola Consellaría, como por outras entidades que desexasen acollerse a estas axudas.

Na convocatoria do ano 2011 A Consellaría ofertaba 58 cursos de xestión directa repartidos entre as sete cidades (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) e as localidades de Betanzos, Culleredo, Ribadeo, Monforte, Sarria, Vilalba, Viveiro, O Barco, Verín, Celanova e Ribadavia. Porén este ano soamente realiza unha convocatoria directa de 43 cursos (un 22,5% menos), sen realizar oferta ningunha fóra das sete cidades, polo que non queda garantido que haxa oferta fóra das sete cidades. No caso da Mariña quédase sen ofertar por parte da Consellaría ningún curso cando o ano pasado ofertáranse dous.

Estamos pois, diante doutro ataque directo ao galego, xa que se lle nega a posibilidade de coñecelo e formarse nel a unha gran parte dos galegos e das galegas.

O BNG quere expresar a súa denuncia dado que a Xunta do PP está utilizando a súa falsa política de austeridade para ir reducindo as axudas e as iniciativas a prol do uso e o coñecemento do noso idioma nun momento no que todos os estudos científicos indican que o galego está reducindo o seu espazo lingüístico na sociedade. Ademais,



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

con estas actuacións por parte da Consellaría de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística estase vulnerando o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 22 de setembro de 2004, e que contén, entre outras, varias medidas dirixidas aos adultos e á sociedade, encamiñadas a renovar a política lingüística con respecto ao uso do galego, adecuándoa aos tempos actuais, co fin de incrementar o uso do galego, o que exige medidas favorables ao galego para alcanzar ese equilibrio. Da mesma maneira, vulnérase a Lei de normalización lingüística, onde se deixa claro que o dereito de coñecer e usar a lingua oficial de Galicia non estaría garantido se os cidadáns/ás non tivesen a posibilidade de aumentar (ou iniciar, se é o caso) o coñecemento e o dominio da lingua propia de Galiza.

Por outro lado e no mesmo sentido a Consellaría de Educación eliminou as probas para obter os CELGA no estranxeiro. Esta medida vai en detrimento da oferta de aprendizaxe do noso idioma para o alumnado estranxeiro, pois era un dos seus atractivos. A medida, por tanto, significa un duro golpe á proxección do noso idioma no exterior, unha das ferramentas que unha Administración cunha lingua propia minorizada e necesitada de sólidos proxectos de normalización debe realizar.

Cómpre sinalar que para a Consellaría o mantemento das probas CELGA para a alumnado estranxeiro non supoñería custe ningún, pois poderían ser realizadas polas lectoras e lectores de galego que existen en distintas universidades do estranxeiro. É, polo tanto, unha medida política de redución da potenciación do noso idioma.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO- Instar á Consellaría de Educación que non se reduza e si se amplíe a oferta de cursos de lingua galega e se distribúan de forma equitativa por todo o país, particularmente no que lle afecta á comarca da Mariña.

SEGUNDO- Instar á Consellaría de Educación a manter os cursos Celga no estranxeiro.

Rematado o turno de debate pola Presidencia sométese á votación, co seguinte resultado e conforme ao literal que se transcribe:

Votos a favor: 5 (2 UNIFOZ, 2 PSdeG-PSOE, 1 BNG)

Votos en contra: ningún



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Abstencións: 3 PP

- Instar á Consellaría de Educación que non se reduza e si se amplíe a oferta de cursos de lingua galega e se distribúan de forma equitativa por todo o país, particularmente no que lle afecta á comarca da Mariña.

- Instar á Consellaría de Educación a manter os cursos Celga no estranxeiro.”

O voceiro do BNG defende o fondo da moción.

O voceiro do PSOE di que o tema do CELGA é de sentido común e quitar os cursos CELGA no extranxeiro non lle parece ben.

O voceiro de UNIFOZ se fala da reduccion de máis do 41% cando esto ten unha repercusión sobre o emprego, xa que as convocatorias de emprego público refírense ao emprego.

O Alcalde está a favor e indica que o CELGA II está xa concedido en Foz, e pregunta cánta xente no extranxeiro fai os cursos CELGA, e informa que a demanda é mínima e redúxose no 2011 respecto do 2010.

O BNG indica que é dos que pensa que o galego é positivo que se coñeza en calquera parte do mundo e depende en maior medida do impulso que faga a administración. Trátase de coñecer o idioma e melloralo, xa que é un idioma único, e aquí na mariña elimináronse e quen os ten que facer é a administración

O voceiro socialista indica que hai que ter respecto aos emigrantes, e que non ten máis debate este asunto anque non ten datos débese de apoiar.

O voceiro de UNIFOZ indica que dí o Alcalde que a oferta cubría perfectamente a demanda.

O alcalde da as cifras concretas de participación nos cursos no extranxeiro.

O Sr. Basanta di que se respeten os membros do Pleno e que o PP non fixo nada e o que hai e que promociar o galego.

O Sr. Rivera presenta unha cuestión de orde indicando que lle parece mal que amoneste a uns voceiros e non a outros por interromper.

O Alcalde indica que o criterio e que se interrompa en varias ocasións e o Sr. Basanta é a primeira vez que o fai.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (5 PP, 3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado o seguinte acordo por unanimidade dos membros presentes:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

- Instar á Consellaría de Educación que non se reduza e si se amplíe a oferta de cursos de lingua galega e se distribúan de forma equitativa por todo o país, particularmente no que lle afecta á comarca da Mariña.
- Instar á Consellaría de Educación a manter os cursos Celga no estranxeiro.

9.-MOCIÓN BNG SOBRE MEDIDAS DA XUNTA CONTRA OS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, que no seu literal indica:

“Que, en data 3 de febreiro de 2012, a Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galiza presentou un documento titulado Anteproxecto de Lei de medidas no emprego público. Todas as organizacións sindicais da Mesa da Función Pública se opuxeron ao mesmo porque “o anteproxecto incorpora unha serie de medidas moi gravosas relativas ao emprego público, que afectan tanto ao persoal funcionario, docente non universitario, como ao laboral tanto do Convenio Único como do Sector Público da Comunidade Autónoma, e ao estatutario, adolecendo de falta de rigor formal e técnica normativa, o que produce inseguridade xurídica”.

Para o BNG estamos ante medidas moi agresivas e lesivas para todos os traballadores/as públicos/as, eliminando dereitos, algún deles consolidados desde os anos 60 e 70 do século pasado, como é o complemento das baixas por incapacidade que penaliza as traballadoras e traballadores polo feito de estaren enfermos ou como pode ser a posibilidade de que se lles reduza un terzo a xornada e o salario aos interinos/as, a supresión do fondo de acción social, a implantación da xubilación forzosa aos 65 anos, a redución dos días de asuntos propios, etc.

A valoración do BNG é negativa e coincide coa das organizacións sindicais ao supor unha perda clara de dereitos negociados e adquiridos, e ven a supor unha aposta pola redución do volume da Administración e pola destrución de emprego público, coa conseguinte perda de peso relativo do sector público no conxunto da economía. En termos económicos, poderíase definir como un paquete de medidas procíclicas, isto é, favorecedoras da recesión, que supoñen un novo erro nas políticas adoptadas para saír da crise e só terán efectos negativos tanto sobre o conxunto da actividade económica, retraendo o consumo e o poder adquisitivo dunha parte da poboación,



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

como sobre os servizos públicos reducindo o persoal e, polo tanto, a calidade dos servizos que se prestan.

Así mesmo, o borrador de Proxecto vulnera o dereito á negociación colectiva no sector público autonómico derogando, suspendendo e modificando, acordos e convenios no Sector Público e o V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Ademais non todas as actuacións propostas supoñen a suspensión temporal de normas ou preceptos o que implica que, unha vez máis, se aproveita a escusa da crise para adoptar medidas de cambios estruturais no emprego público baixo a aparencia de medidas conxunturais.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO- Instar á Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galiza a retirar o denominado Anteprojecto de Lei de medidas no emprego público.

SEGUNDO- Instar á Xunta de Galiza a realizar ofertas de emprego público suficientes co fin de reducir o desemprego e combater a crise económica.

O Señor Jorge Castiñeira alude tratarse dunhas medidas excepcionais, e, que as contas hai que cadralas.

A análise leva ao debate de que nas Administracións Públicas non se dan financiado beneficios das épocas de bonanza.

Non chegando a un acordo unánime, o Presidente somete á votación esta Moción, co resultado seguinte e conforme ao literal que se transcribe:

Votos a favor: 5 (2 UNIFOZ, 2 PSdeG-PSOE, 1 BNG)

Votos en contra: 3 (PP)

Abstencións: ningunha

- Instar á Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galiza a retirar o denominado Anteprojecto de Lei de medidas no emprego público.

- Instar á Xunta de Galiza a realizar ofertas de emprego público suficientes co fin de reducir o desemprego e combater a crise económica.”

O voceiro do BNG defende a moción



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O voceiro do PSOE indica que a Xunta non amosa disposición para o diálogo cos sindicatos. Levántanse os funcionarios, haberá folgas, e haberá expedientes que se perderán, e todo porque non se fai negociación.

O voceiro de UNIFOZ indica que apoia a moción xa que é un afectado, redúcese o poder adquisitivo e hai máis pobreza, e a situación económica non mellora.

O Alcalde di que se critica que o PP non conecta coa cidadanía cando acaba de gañar unhas eleccións con maioría absoluta. Zapatero é a imaxe do paro no noso país, foi un mal goberno que casi nos deixa como Grecia. As condicións dos empregados públicos son mellores cas da empresa privada. O PSOE cando gobernou o que fixo foi baixar o soldo aos funcionarios o que levou á folga xeral. Hai que tomar decisións anque sexan medidas temporais, e senón virá a UE a tomalas a España. É o momento de actuar.

O voceiro do BNG indica que Feijoo dixo que ia acabar co paro e onde máis medrou o paro foi en Galicia. Hai moito empregado público mileurista e non son tan privilexiados, e o poder adquisitivo perdido non se recuperará en moitos anos. Fálase de salarios e non de rendas do capital, e se lle volve a dar euros a banca e moitas familias non teñen nin para comer e cada vez hai máis desigualdades sociais, cada vez se empobrece máis a clase media deste país.

O voceiro do PSOE indica que o mellor gobernante que houbo para Foz foi Zapatero, e agora non hai nada de inversión. O PP enganou á poboación. Aquí en Foz non se vai a quitar ningún dereito porque o Pleno non llo permitirá, os salarios non se poden reducir porque os funcionarios teñen un poder adquisitivo Baixo.

O alcalde manifesta que o seu grupo votará en contra porque é un discurso chavista o que provoca as manifestacións de desagrado do Sr. Rivera quen é chamado ao orde por segunda vez.

O alcalde prosigue indicando que as medidas veñen de leis nacionais, esto é a prohibición de sacar novas prazas, a de non subir o soldo, a suba da xornada laboral. En Foz non hai grandes soldos pero hai leis nacionais que hai que cumprir. Sería perfecto poder ter consignación para sacar adiante un plan de emprego.

O Sr. Rivera solicita unha nova cuestión de orde solicitando a retirada da palabra “chavista” manifestada polo Alcalde; éste mantén a súa afirmación.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Votos en contra: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

- **Instar á Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galiza a retirar o denominado Anteproxecto de Lei de medidas no emprego público.**
- **Instar á Xunta de Galiza a realizar ofertas de emprego público suficientes co fin de reducir o desemprego e combater a crise económica.**



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

10.-MOCIÓN PP SOLICITANDO INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL O ARRANXO DA ESTRADA LU-210 “A SEARA-SAN ACISCLO”, NO TRAMO QUE ATRAVESA POLO CONCELLO DE FOZ.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, que no seu literal indica:

A Concellería de Medio Rural e Pesca do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Foz, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para o seu debate e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar no vindeiro mes, a seguinte, M O C I Ó N

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Tendo en conta as cantidades de queixas que estamos a recibir dos veciños polo mal estado actual do firme e cunetas da estrada LU-0210 titularidade da Excma. Deputación de Lugo dando servizo dende San Acisclo ao Concello de Alfoz unindo as estradas LU-152 Ferreira do Valadouro-Foz e a LU-160 Ferreira do Valadouro-Mondoñedo e tendo en conta o acordo adoptado por unanimidade do pleno do Concello de Alfoz en data 25-11-2011 de solicitar a Excma. Deputación de Lugo o arranxo con aglomerado nos tramos que faltan ase coma previos os estudos oportunos proceda a reformar o entronque da estrada “LU-0210 citada coa LU-152” para que posibilite un acceso seguro e acorde co tránsito que soporta.

Por todo o exposto, esta concellería, propón ao pleno que tome o seguinte acordo:

1º.-Instar á Excma. Deputación Provincial de Lugo a que arranxe a estrada LU-210 A Seara-San Acisclo no tramo que atravesa polo Concello de Foz ao igual que o solicitado polo Concello de Alfoz, apoiando ase o acordo que con referencia a este asunto tomou o Concello de Alfoz no pleno de data 25-11-2011.

Lido o exposto pola Presidencia sométese a votación con seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (1 BNG, 2 UNIFOZ, 3 PP, 2 PSdeG-PSOE)

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha

Instar á Excma. Deputación Provincial de Lugo a que arranxe a estrada LU-210 A Seara-San Acisclo no tramo que atravesa polo Concello de Foz ao igual que o solicitado polo Concello de Alfoz, apoiando ase o acordo que con referencia a este asunto tomou o Concello de Alfoz no pleno de data 25-11-2011.”

O Sr. Alcalde defende a moción no turno de debate.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Sr. Rivera di que o PP pide que a Deputación provincial arranxe esta estrada cando hai moitos baches en pistas municipais, pero seguramente o ente provincial arranxará a estrada solicitada.

O voceiro de UNIFOZ indica que as modificacións nas saídas da estrada se consensúen cos veciños.

O voceiro do BNG maniféstase no mesmo sentido.

O PP a través da intervención do Alcalde indica que o sentido da moción está claro pero tentarase obter o acordo dos veciños.

O voceiro de UNIFOZ afirma que votará a favor se se inclúe o párrafo indicado na anterior intervención, ao que o PP manifesta a súa conformidade.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (5 PP, 3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado o seguinte acordo por unanimidade dos membros presentes:

Instar á Excma. Deputación Provincial de Lugo a que arranxe a estrada LU-210 A Seara-San Acisclo no tramo que atravesa polo Concello de Foz ao igual que o solicitado polo Concello de Alfoz, apoiando ase o acordo que con referencia a este asunto tomou o Concello de Alfoz no pleno de data 25-11-2011, tendo en conta que se tentará obter a conformidade dos veciños afectados co arranxo.

11.-MOCIÓN PSG-PSOE SOLICITANDO INSTAR ÁS CONSELLERIAS DE MEDIO AMBIENTE E DE MEDIO RURAL E MARIÑO DA XUNTA DE GALICIA A ACOMETER UNHA LIMPEZA INTEGRAL E MEDIOAMBIENTAL DA RÍA DE FOZ.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, que no seu literal indica:

“De todos é coñecido o abandono que sofre a nosa Ría por parte da Xunta de Galicia e máis concretamente polas Consellerías de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, as queixas dos mariscadores/as e dos veciños en xeral están o orde do día, todo debido a que no chamado Lombo, lugar onde se extraían antaño os berberechos está feito un foco de contaminación, pois as herbas invasoras, os mofo e a porquería de todas clases fan que o lugar se converta nunha zona degradada medioambientalmente.

Entendemos que a isto se lle debe poñer freo o antes posible e que ten que ser a base dun traballo ben dirixido e ben organizado, para non cometer erros e atacar ás moitas especies que alí habitan e que dende logo teñen un valor importante.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Somos conscientes que debemos de dar unha boa imaxe da nosa Ría e para elo non debemos de escatimar algo tan elemental como a súa limpeza, a maiores xa estamos a sufrir a saturación da depuradora actual, que vai sendo hora de que se tomen medidas debido os vertidos a escape libre que se están facendo sobre a Ría de Foz.

Por todo o exposto o Grupo Municipal Socialista e no seu nome o Portavoz do mesmo formula a seguinte MOCIÓN a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte o seguinte acordo:

Que o Pleno da Corporación inste ás Consellerías de Medio Ambiente e de Medio Rural e Mariño da Xunta de Galicia a acometer o antes posible unha limpeza integral e medioambiental da Ría de Foz.

Lido o exposto, o Señor García Rivera pide que sexa unha limpeza totalmente respetuosa coa gran riqueza mediambiental que ten a Ría de Foz, e que dende que se fixera outra limpeza no ano 1999 compróbase este abandono.

Pola Presidencia sométese a votación, en primeiro lugar o seu carácter de urgente, acéptase por unanimidade, a continuación sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (1 BNG, 2 UNIFOZ, 3 PP, 2 PSdeG-PSOE)

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha

Que o Pleno da Corporación inste ás Consellerías de Medio Ambiente e de Medio Rural e Mariño da Xunta de Galicia a acometer o antes posible unha limpeza integral e medioambiental da Ría de Foz.”

O voceiro do PSOE defende a mocion

O voceiro de UNIFOZ indica que lle parece ben porque a ría leva tempo abandonada, anque o proxecto do superporto seguramente cambiará a ría, pero agora fai falla intervención.

O voceiro do BNG indica que este tema se falou moitas veces para rexenerar a ría, quitar os verquidos contaminantes, dragar a ría, e agora hai pouca confianza en que se faga.

O Alcalde está a favor pero está estupefacto de que esta mocion veña do Sr. Rivera cando foi él que colocou ahí a depuradora, cando é unha ría sana, na que oxalá se seguira producindo berberecho, por iso só hai que limpala, pero incluso hai aves novas que non había.

O Sr. Rivera contesta que quen colocou ahí a depuradora foi o Sr. Barreiro do PP, o que fixo Rivera foi facer unha depuradora en Forxán e Feijoo parou o proxecto e agora obras non se fai nada. Na época de Rivera fixéronse obras.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Sr Cancio indica que en verán a depuradora daba problemas e indica que se tomen medidas para ver o que está a pasar.

O voceiro do BNG indica que a ría desmellorouse en calidade medioambiental e se se pode facer algo que se faga, antes había nutrias e outros animais que agora non se ven.

O Alcalde afirma que antes do verán haberá un dragado da ría que xa foi anunciado por Portos de Galicia que ascenderá a 250.000 euros. Xa o sabe a cofradía de pescadores e o clube náutico, e a medida é recibida de xeito extraordinario porque había un colápsa na bocanada da ría. Igualmente anuncia que o grupo de goberno loitará por unha depuradora nova con maior capacidade e sen que se tiren os residuos ao mar.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (5 PP, 3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado o seguinte acordo por unanimidade dos membros presentes:

Que o Pleno da Corporación inste ás Consellerías de Medio Ambiente e de Medio Rural e Mariño da Xunta de Galicia a acometer o antes posible unha limpeza integral e medioambiental da Ría de Foz.

12.-MOCIÓN BNG POLO 8 DE MARZO DE 2012, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2012, que no seu literal indica:

“A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do Estado e de Galiza, golpea de maneira especial ás mulleres. A feminización da pobreza é xa un feito na nosa sociedade facendo desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positiva.

O paro feminino medra por riba do masculino así como o número de mulleres inactivas que desisten de buscar emprego. A nova precarización do mercado laboral e o recorte nas pensións afectará máis negativamente ás mulleres, que son maioría nos traballos a tempo parcial e na economía somerxida, cun promedio de menos anos de cotización e tamén son maioría como receptoras de pensións non contributivas. Os recortes de servizos sociais e de atención á dependencia forzan a máis mulleres a asumir de novo o papel de coidadoras non retribuídas. Todos eles son pasos atrás na procura da independencia económica imprescindible para rachar situacións de convivencia de parella violentas.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Ante este deterioro das condicións de vida das mulleres galegas, a Xunta de Galiza renuncia a utilizar as súas competencias para fortalecer as políticas de igualdade e redistributivas e convértese en axente activo do recorte dos dereitos da cidadanía.

Neste 8 de Marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres, o BNG quere facer especial incidencia no retroceso democrático que supoñerá a anunciada derogación da norma que actualmente regula a interrupción voluntaria do embarazo. Unha demanda de décadas das mulleres que se cumpriu hai escasos meses e que o Partido Popular anuncia que desmantelará como tantas outras políticas públicas de igualdade.

A despenalización do aborto democratizou o acceso á prestación e aliviou a presión moral que se exercía sobre as mulleres que decidían non continuar cun embarazo. A normativa ameazada incorpora políticas de información e prevención de embarazos non desexados, elemento clave en calquera política que pretenda diminuír a súa incidencia. Non hai razóns sanitarias ou sociais, non hai polémica alén da provocada polos grupos radicais conservadores e a xerarquía católica, que xustifique un retroceso de tal calibre.

Dende as institucións onde o BNG ten presenza, dende a rúa xunto coas mulleres militantes feministas que non renuncian a reivindicar os dereitos de cidadanía da outra metade da humanidade, reclamamos o mantemento da lexislación actual e reclamamos que esas Institucións se pronuncien no mesmo sentido.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte A C O R D O

- 1. O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.*
- 2. Pedirlle á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita Lei.*
- 3. Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.*
- 4. O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actúantes en Galiza.*
- 5. Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.*

Lido o exposto, pola Presidencia sométese a votación, en primeiro lugar o seu carácter de urgente, que se acepta por unanimidade, a continuación sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (1 BNG, 2 UNIFOZ, 2 PSdeG-PSOE)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 3 (PP)



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.

Pedirille á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita Lei.

Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.

O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actúantes en Galiza.

Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.”

Unha vez aberto o turno de debate o Sr. Basanta defende a moción e a continuación teñen lugar as seguintes intervencións.

O Sr. Rivera está de acordo porque os dereitos adquiridos en temas de dereitos das mulleres non se deben de perder, pero afirma que o PP métese en todo. Esta é unha moción lóxica e sensata.

O Sr. Cancio indica que os 365 días do ano teñen que ser o día da Muller.

O Alcalde indica que o día internacional da Muller confúndese coa interrupción voluntaria do embarazo, e este día non se debe de politizar porque non todas as mulleres están de acordo co aborto. O PP está en contra de que as menores de 16 anos poidan interromper o embarazo sen consentimento dos pais, igual que se pide para facer o DNI ou ir de excursión. O non quere o seu grupo que ningunha Muller de Foz se sinte discriminada por actos que se tomen en Foz.

O voceiro do BNG di que o PP fala de discriminación cando antes quen abortaba en boas condicións era a a xente cunha posición acomodada porque podían ir a unha clínica privada. É un dereito máis igual que a pirula do día despois.

O voceiro do PSOE indica que que dirá a dereita clasista que ia a Inglaterra a abortar, esto é unha medida progresista, pero quen manda é o PP.

O voceiro de UNIFOZ indica que hai que esperar a que saia a sentenza do TC.

O Alcalde di que non se pode mezclar o día internacional das mulleres co aborto e por iso está de acordo co punto 3º da moción.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Votos en contra: 5 (PP)



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Resultando aprobado o seguinte acordo:

O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.

Pedirille á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita Lei.

Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.

O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actuantes en Galiza.

Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.

Fora da Orde do Día presentase a seguinte:

PROPOSTA DE ALCALDÍA APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 03/2012, DO SEGUINTE TEOR LITERAL:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 03/2012

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 03 do Orzamento Xeral prorrogado de 2012 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na Memoria de Alcaldía xustifícase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das partidas do Estado de Gastos que precisan crearse ou aumentarse, coa finalidade de dar cobertura das axudas de carácter social que se prevé aprobar polo Concello de Foz para tratar de mellorar na medida do posible a situación precaria de familias do municipio que orixinou a situación económica actual.*
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de vinte mil euros (20.000,00 €), e finánciase cunha transferencia de crédito que provén de gastos previstos para festexos populares a cargo deste Concello de Foz.*

Visto o informe de Intervención emitido o día 13 de febreiro de 2012 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de transferencias de crédito, que se complementan nos artigos 40*



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

a 42 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.

- O artigo 179.2 e 4 do Texto Refundido citado, que atribúe competencia ao Concello Pleno para a aprobación deste expediente, ao que lle resultan de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade do Orzamento Xeral.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 03 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2012 por importe de vinte mil euros (20.000,00 €), e, polo tanto a transferencia de crédito entre partidas que afectan a créditos de distinta área de gasto, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

ALTA POR TRANSFERENCIA.

ESTADO DE GASTOS				
<i>PARTIDA</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>IMPORTE ACTUAL</i>	<i>MODIFICACIÓN</i>	<i>DEFINITIVO</i>
231.48901	ACCIÓN SOCIAL. AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	0,00	20.000,00	20.000,00
Total expediente de modificación de créditos 03/2012				20.000,00

BAIXA POR TRANSFERENCIA

ESTADO DE GASTOS				
<i>PARTIDA</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>IMPORTE ACTUAL</i>	<i>MODIFICACIÓN</i>	<i>DEFINITIVO</i>
338.22611	Festas populares. Festexos populares e outros gastos	158.000,00	-20.000,00	138.000,00
Total expediente de modificación de créditos 03/2012				-20.000,00

SEGUNDO. - Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril,



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

Por unanimidade dos membros presentes acordase ratificar a urxencia da Proposta e entrar no fondo da mesma, logo de que o Sr. Alcalde xustifique a mesma.

Despois de que o Sr Alcalde defendera a proposta sometida a Pleno e iniciado o turno de debate toma a palabra o Sr. Rivera para indicar que agora queda reformar a ordenanza para que se poidan beneficiar dela máis veciños, que é un tema urxente que veña pronto a Pleno.

O voceiro de UNIFOZ que lle parece ben reformar a ordenanza que non recolle por exemplo axudas en educación postobrigatoria, e alégrase de que seguira adiante este tema.

O voceiro do BNG indica que este é un exemplo de que non habendo cartos pódense redistribuir mellor os que hai.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (5 PP, 3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado o seguinte acordo por unanimidade dos membros presentes:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 03 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2012 por importe de vinte mil euros (20.000,00 €), e, polo tanto a transferencia de crédito entre partidas que afectan a créditos de distinta área de gasto, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

ALTA POR TRANSFERENCIA.

ESTADO DE GASTOS				
PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
231.48901	ACCIÓN SOCIAL. AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	0,00	20.000,00	20.000,00
Total expediente de modificación de créditos 03/2012				20.000,00



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

BAIXA POR TRANSFERENCIA

ESTADO DE GASTOS				
PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
338.22611	Festas populares. Festexos populares e outros gastos	158.000,00	-20.000,00	138.000,00
Total expediente de modificación de créditos 03/2012				-20.000,00

SEGUNDO. - Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

O Alcalde pregunta se algún grupo quere presentar algúnha moción de urxencia.

PSdeG-PSOE PRESENTA UNHA MOCIÓN DE URXENCIA DO SEGUINTE TEOR LITERAL:

“A reforma laboral RDL 3/2012 de 10 de febreiro que entrou en vigor o luns día 13 de febreiro, contén unha radical transformación do mercado de traballo que restrinxen enormemente os dereitos dos traballadores e traballadoras, a vez que aumenta o poder discrecional dos empresarios.

As manifestacións celebradas o pasado sábado puxeron en evidencia que dita reforma non gusta aos traballadores e traballadoras e que se debe chegar a acordos que satisfagan a clase obreira, non desprezando en absoluto ao Goberno Central que é unha parte esencial neste tema, pero considerando que é necesario que o Goberno se sente a negociar cos Sindicatos e Patronal deste país, para chegar a un acordo sobre a reforma laboral que satisfaga a tódolos sectores implicados na mesma.

Avogamos por un entendemento entre as partes, para non ter que saír de novo as rúas para reclamar os dereitos usurpados de maneira unilateral polo Goberno da



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

nación á clase obreira, agora ben todo isto depende da retirada da actual reforma e a negociación entre Patronal, Sindicatos e Goberno da Nación.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista e no seu nome o Portavoz do mesmo, formula a seguinte MOCIÓN a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte o seguinte acordo:

1º.-Que o Goberno Central retire a reforma laboral por ser un retroceso total e unha usurpación de dereitos esenciais dos traballadores/as de este país.

2º.-Que se retome a mesa de negociación entre Goberno, Sindicatos e Patronal.

3º.-Que se envíe copia desta moción ao Goberno Central, Goberno da Xunta, Deputación Provincial e Concellos da Comarca da Mariña.

Por unanimidade dos membros presentes acordase ratificar a urxencia da moción e entrar no fondo da mesma, logo de que o Sr. Rivera xustifique a mesma.

O voceiro de UNIFOZ indica que esta situación é lesiva para os traballadores.

O voceiro do BNG di que conservar os contratos que é un castigo á clase traballadora.

Neste momento sendo as 00.00 horas levántase a sesión, continuando o Alcalde coa mesma para rematar os puntos incluídos na orde do día.

O Alcalde indica que en xeral as empresas prefiren contratar que despedir traballadores, e perderonse dous anos sen facer unha reforma laboral, e o que se pretende é acadar unha maior competitividade por iso se pretende aprobar a reforma laboral polo goberno.

O Sr. Rivera di que o PP métese cos traballadores pero é incapaz de meterse co fraude fiscal. Fundese a clase media.

O voceiro de UNIFOZ indica que a produción non se vai aumentar e insiste na precarieade laboral e na facilidade do despido.

O voceiro do BNG indica que estas medidas non van a mellorar a situación, nin haberá menos paro nin aumentará a capacidade productiva.

O Alcalde di que xa no ano 1996 con medidas deste tipo redúxose o paro e o que se pretende é aumentar o paro e a competitividade.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Votos en contra: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1º.-Que o Goberno Central retire a reforma laboral por ser un retroceso total e unha usurpación de dereitos esenciais dos traballadores/as de este país.

2º.-Que se retome a mesa de negociación entre Goberno, Sindicatos e Patronal.

3º.-Que se envíe copia desta moción ao Goberno Central, Goberno da Xunta, Deputación Provincial e Concellos da Comarca da Mariña.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ROGOS E PREGUNTAS.-

ROGOS DO PSOE-

- Cando un veciño diga algo que non se faga demagogia e dígase que é algo orquestado.
- Que se limpen as praias, porque o ano pasado houbo 7 bandeiras azuis e 1 galardón medioambiental, e débese de manter e non demonizar a quen o dí.
- Cando se quiten carteis ou paneis turísticos que se repoñan, sobre todo ter en conta os casos en que poidan caer os existentes.
- Que se faga unha batida de desratización porque hai roedores de considerable tamaño.

ROGOS UNIFOZ.

- Que se saque a praza que está convocada de axuda no fogar.
- Que se conteste aos escritos e se entregue a documentación en 5 días.
- Que para dar cumprimento a axuda de aforro enerxético se se fai un negociado que se faga con empresas de Foz.

ROGOS DO BNG.

- A sala Bahía ten un problema coa ocupación das sillas e que se solucione.

PREGUNTAS DO PSOE.

-Hai unha subvención da Xunta e o concello vai a gastar nunha auditoría enerxética?
O Alcalde contesta en síntese que no plan de saneamento está incluída esta recomendación e se ten que facer porque hai máis de 5.000 puntos de luz no concello e se tomarán as medidas que dela se recomenden.

-Ten controladas as empresas de construción en canto ao tempo, material empregado, orzamento de contrato e horas de traballo.
O Alcalde contesta en síntese que das empresas que traballan para o concello sí.

-Quen elabora e asina as bases de contratación.
O Alcalde contesta en síntese que é o Alcalde.

PREGUNTAS DE UNIFOZ

-Cando nos vai a recibir á Conselleira de Sanidade?
O Alcalde contesta en síntese que o Alcalde xa tivo esa reunión e a Comisión que tamén tiña unha solicitude de entrevista serán avisados do día da reunión.

-Cándo vai traer os orzamentos municipais a pleno?
O Alcalde contesta en síntese que cando se solucionen os problemas que vostedes xeneraron, sobre a depuración entre outros.

-Fíxose no porto un desagüe para as autocaravanas sen autorización de Portos, e cómo se fixo a contratación.?

O Alcalde contesta en síntese que fíxose un punto de descarga de augas grises das autocaravanas, e se contrataron por emerxencia de forma directa.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 00 horas 45 minutos do día vinteseis de xaneiro de 2012, do que como secretaria dou fe e certifico.-

Vº e Pr.
O Alcalde-Presidente,

Asdo.-Javier Jorge Castiñeira.